

Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885) <u>Obra poética</u>		
<i>Cantares gallegos</i> (1863)	<i>Follas novas</i> (1880)	
<u>Temas</u>		
Intimista “Campanas de Bastabales”	Persoal existencial	I Vaguedás II Do íntimo!
Costumista “Un repoludo gaiteiro”	Variación temática	III Varia
Social “A gaita gallega”	Social	IV Da terra V As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos
<u>Obra en prosa</u>		
“Conto gallego” Prólogos de <i>Cantares gallegos</i> e “Dúas palabras da autora” de <i>Follas novas</i>		
<u>Características</u>		
► Defensa de Galicia: denuncia os problemas socioeconómicos (a emigración, a propiedade da terra) ► Retrata a identidade galega ► Reivindica o uso da lingua ► Critica a discriminación que se lles fai ás mulleres		
<u>Lingua</u>		
► Coloquial e espontánea ► Sintaxe e léxico sinxelos ► Escribe na fala da área compostelá ► Reelabora a poesía popular ► Contrastes. Repeticións: anáfora e paralelismo		

Rosalía reflexiona sobre a problemática da muller escritora. Con ela fúndase a literatura galega contemporánea.

Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851- A Habana, 1908) <u>Obra poética</u>	
<i>Aires da miña terra</i> (1880)	<i>O divino sainete</i> (1888)
(Introdución+35 poemas) <u>Temas</u>	
Intimista “Ben chegado” “Ai!”	Sátira. Argumento: Curros, nunha fría noite de Nadal en Madrid, atopa a Santa Compañía e ao escritor F.Añón, que forma parte dela. Comezan unha peregrinación a Roma en tren; Añón vai guiar a Curros a cada un dos sete vagóns, que representan os sete pecados capitais: preguiza, envexa, ira, gula, soberbia, luxuria e avaricia. Ao chegaren a Roma vense co Papa, León XIII, ao que convencen para que deixe o seu cargo e as riquezas da Igrexa e volva á caridade cristiá.
Costumista (Certame de Ourense, 1877) “A Virxe do Cristal”, “Unha boda en Einibó”, “O gueiteiro”	
Social “Nouturnio”, “O maio”, “A igrexa fría”,... Practicamente todo Curros é social	
<u>Características</u>	
▶ É un poeta social, combateu e denunciou as inxustizas sociais do seu tempo. ▶ Ataca o poder da Igrexa. ▶ Ataca aos caciques.	
<u>Lingua</u>	
▶ Busca a expresividade: escolle o léxico e a sintaxe. ▶ Escribe no galego de Celanova. ▶ Usa a ironía, as comparacións e a metáfora. ▶ Repeticións e paralelismo (nos temas costumistas)	

Curros tiña moita sona entre a xente da época: a súa obra era ben coñecida.
Sátira: poema que censura vicios e defectos concretos; ridiculiza persoas ou cousas. Neste caso, Curros fai un ataque contra a igrexa e tamén contra os seus inimigos persoais, como Emilia Pardo Bazán ou o xuíz Mella.

Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835- A Coruña, 1917) <u>Obra poética</u>	
<i>Queixumes dos pinos</i> (1886)	<i>Os Eoas</i> (1992)
<u>Temas</u>	
Celtismo O bardo ten saudade do pasado celta e glorioso de Galicia (a orixe de Galicia estaría no pobo celta). <u>Espazo mítico antigo.</u>	É un poema épico inacabado
Paisaxe das terras de Bergantiños. A través dela expresa sentimentos. <u>Espazo concreto contemporáneo.</u>	
O poema “Os pinos” converteuse no himno galego.	
<u>Características</u>	
▶ Refire a natureza bergantiñá: toponimia, fauna, flora... ▶ Defende un pasado glorioso que deberá guiar o futuro do pobo; denuncia un presente triste e miserable. ▶ Aparecen heroes da Grecia antiga	
<u>Lingua</u>	
▶ Emprego dunha lingua máis depurada ▶ Uso de cultismos latinos e gregos. ▶ Preocupación polo aspecto formal do poema ▶ Simbología ▶ Adxectivación retórica, símil, epíteto.	

Pondal é o bardo do pobo galego.